

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE XANEIRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1. - INFORME URBANÍSTICO.**

**1.1.-** Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 16/12/15 en relación á IMPLANTACIÓN DE BUNGALOWS O CASAS DE MADEIRA PARA TURISMO RURAL NA PARCELA 297 DO POLÍGONO 169 DO CATASTRO DE RÚSTICA DO MUNICIPIO DE LALÍN.

**2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**2.1.-** Acordouse adxudicar a varias empresas o “**PATROCINIO PUBLICITARIO DA XLVIIIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN**”, consonte co establecido nas **BASES PARA TRAMITAR MEDIANTE CONVENIOS O “PATROCINIO PUBLICITARIO**



### **3.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**3.1.-** Acordouse adherirse á convocatoria HAP/2427/2015, de 13 de novembro, e solicitar as axudas e subvencións reguladas na normativa da dita convocatoria e que se inclúen nos expedientes que se adxuntan, así como aprobar a estratexia **Lalín SSUMA 21** para presentala á convocatoria **HAP/2427/2015, de 13 de novembro.**

**3.2.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.304,26 € (IVE incluído), e contratar coa empresa Galega de Publicidade, S.C. a realización do subministro consistente na elaboración de pins promocionais do Mes do Cocido e dos distintivos identificativos do Mes do Cocido para os restaurantes participantes e para as furnas das enquisas de valoración do Mes do Cocido ubicadas en ditos establecementos.

**3.3.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.815 € (IVE incluído), con destino ó servizo do Tren Turístico que percorrerá as rúas de Lalín a fin de semana anterior ao da Feira do Cocido, contratando o citado servizo coa empresa “PAVI-TREN, Trenes Turísticos”.

**3.4.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 9.256,50 € (IVE incluído), con destino ó servizo do autobús “Food Truck”, restaurante rodante que levará a presentación da XLVIIIª Edición da Feira do Cocido de Lalín ás principais cidades de Galicia e a Braga (Portugal) e que estará presente na fin de semana da Feira do Cocido en Lalín, contratando o citado servizo coa empresa Movibus Publicidad, S.L.

**3.5.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 20.172 € (IVE incluído), con destino ó aluguer dunha carpa iglú, polo período comprendido entre o 22 de xaneiro e o 10 de febreiro de 2016, contratando o citado subministro coa empresa IRMARFER, S.A.

**3.6.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 20.000 € (IVE incluído) con destino ó servizo de emisión, en V Televisión, dun programa especial do Via V no que se poñerá en valor cun enfoque xornalístico a Feira do Cocido, contratando o citado servizo coa empresa Medios Digitales de Galicia, S.A.U.

**3.7.- Acordouse a renovación** da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 3/2013.



**3.8.-** Acordouse aprobar as Bases reguladoras da **CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2016 DO CONCELLO DE LALÍN.**

**3.9.-** Acordouse aprobar as **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE CARROZAS DA XLVIIIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN.**

**3.10.-** Vacordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.128,46 € (IVE incluído), e contratar coa empresa **Imprenta Librería Alvarelos S.L.**, a realización do deseño e impresión da cartelería/papelería correspondente para a correcta publicidade e promoción da Feira do Cocido e das súas actividades.


#### **4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**


**4.1.-** Dáse conta do escrito remitido pola **Excma. Deputación Provincial de Pontevedra**, en relación co proxecto “ESTRAEE” (Estrategia Sostenible Transfronteriza para a xestión dos Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos RAEE) dentro do programa europeo “Interreg V A España-Portugal (Poctep), xunto coas entidades Revertia, ERP, Energylab e Lirsa en España e ERP e Liport en Portugal.

**4.2.-** Dáse conta do escrito remitido pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Secretaría Xeral de Cultura-Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, co que achega resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se autoriza a unha arqueóloga para a realización dun control e seguimento arqueolóxico do proxecto de acondicionamento de camiños resultantes do acordo da ZCP de Vilatuxe (Lalín).

**4.3.-** Dáse conta do escrito remitido pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Secretaría Xeral de Cultura-Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, co que achega resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se autoriza a unha arqueóloga para a realización dun control e seguimento arqueolóxico do proxecto de acondicionamento de predios resultantes do acordo da ZCP de Vilatuxe (Lalín).

**4.4.-** Dáse conta do escrito remitido pola **Federación de Asociacións Provinciais de Empresarios de Salas de Fiesta, Baile y Discotecas de Galicia**, en relación de locais do Concello de Lalín que incumpren a normativa en materia de horario de peche.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

**4.5.- Acordouse denegar a solicitude formulada polos Alumnos de 4º de ESO “IES LAXEIRO”, para instalación dun posto destinado á venda de refrescos, pinchos, postres caseiros etc, o día da celebración da Feira do Cocido, é dicir, o 31 de xaneiro de 2016 na Carpa sita Campo da Feira Vello, para recaudar cartos e poder realizar a viaxe de fin de curso, xa que o lugar solicitado esta ocupado para as instalacións que o Concello dispuxo, indicando aos solicitantes que deberán solicitar outro lugar.**

-----

